

COMISIÓN DE GARANTIA DE CALIDADE

Sesión do 3 de outubro de 2012

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión de Garantía de Calidade, o día 3 de outubro de 2012, ás 16.30 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. **Renovación do plan de acción tutorial e asignación de titores-alumnos.**
2. **Aprobación do informe anual de seguimento de títulos, incluíndo o plan de melloras do título para o curso 2012-2013.**
3. **Plan de traballo da CGC para o curso 2012-2013.**
4. **Rogos e Preguntas.**

Desculpan a súa asistencia M^a Dolores Domínguez Pereira (asuntos personais) e Marta López López (asuntos personais).

A Decana delega a presidencia desta reunión desta Comisión, na Vicedecana por ser a Coordinadora de Calidade do centro.

1. **Renovación do plan de acción tutorial e asignación de titores-alumnos.**

A Vicedecana informa que para elaborar a lista de profesores-titores dos estudantes tívose en conta a asignación do curso pasado ca idea de mantelos, na medida do posible. Deste xeito asignáronse só ós estudantes de nova matrícula e ós daqueles profesores que este ano, por distinto motivos, non figuran no cadro de profesores a tempo completo. No procedemento os titores pónense en contacto cos estudantes para fixar un encontro.

A Decana fai a matización de que a asignación cambiará na medida en que se vaian matriculando os alumnos de primeira matrícula, pendentes dos sucesivos chamamentos.

Apróbase, por unanimidade.

2. Aprobación do informe anual de seguimento de títulos, incluíndo o plan de melloras do título para o curso 2012-2013.

A Vicedecana alude á documentación enviada ca convocatoria e, a petición do alumno Hadrián Fdez. Alvarado, fai un breve resumo aclarando que o Plan de Seguimento insírese dentro da política de Calidade da UVigo e consiste en analizar unha serie de items que coinciden cos apartados que se presentaron na Memoria do Grao e de Máster. Estas cuestións vanse validar (tanto nos graos como nos másteres), por parte das Axencias de Calidade. Do resultado desa avaliación vai haber un conforme ou non conforme, dictado por la axencia.

No pasado curso a avaliación que se fixo pola Axencia Galega de Calidade (ACSUG), e remitida ao Centro, foi non conforme para o Grao, e conforme para o Máster. O motivo do non conforme é fundamentado na falta de reflexión e na ausencia de coherencia entre os puntos febles e as propostas de mellora.

Retomando o tema da documentación enviada aos membros da comisión, solicítanse suxerencias que fai fundamentalmente Pablo Sánchez Ferro; admitidas estas suxerencias apróbanse os informes de seguimento do Grao e do Máster, tras aclarar que estes serán enviados á técnica de Calidade da UVigo para a súa revisión. Tras incluír os datos pertinentes deste análise, someterase á aprobación definitiva da Xunta de Facultade, para o seu posterior envío á ACSUG.

3. Plan de traballo da CGC.

O equipo decanal comprométese a elaborar un calendario de traballo da CGC que se traerá para a súa aprobación na vindeira xuntanza, co obxectivo de activar o protagonismo desta Comisión.

4. Rogos e preguntas.

A decana aclara que os novos alumnos que se vaian incorporando iranse dividindo e asignando aos profesores titores.

Faise o rogo por parte de Pablo Sánchez Ferro, que no sucesivo coa convocatoria da comisión se remitan as actas das sesións anteriores.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo dou fe como Secretaria.

A DECANA


Beatriz Comendador Rey

A SECRETARIA


Mª del Carmen Fdez. Contreras

COMISIÓN DE GARANTÍA DE CALIDAD

ASISTENCIAS	AUSENCIAS XUSTIFICADAS
COMENDADOR REY, Beatriz	DOMÍNGUEZ PEREIRA, M ^a Dolores
DOMÍNGUEZ LÓPEZ, Angel	LÓPEZ LÓPEZ, Marta
FERNÁNDEZ ALVARADO, Hadrián	
FERNÁNDEZ CONTRERAS M. Carmen	
LOPEZ DIAZ, María	
LOPEZ LOPEZ, Marta	
PÉREZ LOSADA, Fermín Emiliano	
REBORDA MORILLO, Susana	
SANCHEZ FERRO, Pablo	
UÑA ALVAREZ, Elena de	